

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos*****MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO******EDICTO***

Exposto ao público o acordo adoptado polo Pleno da corporación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2018, de aprobación inicial da modificación da ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO por un prazo de trinta días, que comezou a contar desde o día seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 22 de marzo de 2018, para que este puidese ser examinado e se puidesen presentar as reclamacións e suxestións que se considerasen oportunas.

Rematado o referido prazo de exposición pública sen que se presentase reclamación ou suxestión ningunha, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal, considérase definitivamente aprobado o dito acordo, conforme o establecido no artigo 49.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), polo que se publica segundo o disposto no artigo 70.2 da mesma lei, e que é do seguinte teor literal:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO***ARTIGO 9. SOLICITUDE***

1.—O procedemento comezará coa solicitude do/a interesado/a, que se realizará entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada ano, a excepción das novas licenzas de actividade, que poderán realizar os trámites no momento da súa solicitude. A solicitude, ademais dos datos esixidos no artigo 66.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faranse constar os seguintes extremos:

a) Nome ou razón social e enderezo do local do establecemento hostaleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.

b) Declaración sobre a autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e, se aínda non se conta con ela, na que se exprese a data en que se solicitou, indicando con claridade o tipo de actividade do establecemento.

c) Extensión da superficie da terraza en metros cadrados.



d) Número de unidades de mobiliario, así como, se é o caso, dos demais elementos de separación e outros que se pretendan instalar.

e) Días para os que se solicita a autorización para a instalación da terraza.

ARTIGO 21. RETIRADA DE MOBILIARIO

O mobiliario retirarse a diario, ao rematar a xornada laboral, e depositarse nun local privado e pechado para o efecto, agás no período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de outubro. Neste período poderase deixar ben recollido e asegurado nun espazo público, logo da autorización expresa do Concello do Grove.

Durante a Semana Santa, pontes festivas ou determinadas fins de semana, poderá autorizarse esta non-retirada do material, pero farase expresamente, a través da solicitude da persoa titular do establecemento.

Será obrigatoria a retirada do mobiliario e de calquera outro elemento da terraza nos períodos en que esta careza de autorización para o seu funcionamento.

Os establecementos que teñan autorizada a instalación de terraza para todo o ano deberán recoller o material ao remataren a xornada laboral, de xeito que non entorpeza o uso do espazo público.

ARTIGO 24. INSPECCIÓN

1.—Os axentes da Policía Local e os inspectores municipais serán competentes para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.

2.—As actas ou denuncias que realicen terán valor probatorio nos procedementos aos que se incorporen, segundo o disposto no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 28. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.—As infraccións dos preceptos destas ordenanzas serán sancionadas por unha resolución do alcalde, con multas graduables dentro dos límites sinalados nesta ordenanza, así como na lexislación vixente, sen prexuízo da esixencia das demais responsabilidades administrativas e patrimoniais ás que desen lugar, incluída a execución subsidiaria a costa do obrigado.

2.—A imposición de sancións requirirá a instrución previa do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedementos regulados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

ARTIGO 34. PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓN E SANCIÓNS

As infraccións e sancións previstas nesta ordenanza prescribirán segundo o disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I. LOGOTIPO DO CONCELLO DO GROVE

Poderase descargar da web municipal www.concellodogrove.es



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

ANEXO II. SOLICITUDE PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS

SOLICITANTE

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono / Móbil

REPRESENTANTE (se é o caso)

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono / Móbil

EXPOÑO:

<ol style="list-style-type: none"> 1. Que desexo instalar unha terraza anexa ao establecemento de hostalaría que rexento. 2. Que achego a declaración sobre a licenza de actividade do local á que se refire o apartado anterior. 3. Que solicitei a licenza de actividade, pero aínda non está resolta. Declaro por ese motivo que a data en que solicitei a licenza de actividade foi..... Achego unha copia desa solicitude. 4. Que a extensión en metros cadrados da terraza pretendida é de 5. Que o número de unidades de mobiliario e demais elementos para instalar é de 6. Que os días para os que solicito esta autorización son os seguintes (marcados nun calendario do ano en curso): 7. Que achego unha fotografía da fachada do local e do espazo exterior, onde se instalará a terraza. 8. Que achego un plano acoutado da superficie para ocupar pola terraza a escala 1:100. Especificará os elementos da terraza, o espazo libre para o paso, o ancho da beirarrúa, as franxas de itinerario peonil, as distancias ás fachadas e bordos, arquetas e outras acometidas ou mobiliario urbano. 9. Que achego fotografías dos elementos que se instalarán. 10. Que achego o proxecto da publicidade que irá gravada no mobiliario da terraza. 11. Que achego o xustificante de pagamento do recibo por instalación de terraza do ano anterior, se contei con esta instalación. 12. Que achego xustificante da póliza de seguro de responsabilidade civil relativa aos riscos que se deriven do funcionamento da terraza.

Por todo iso, SOLICITO:

Que se teña en conta o exposto para a autorización dunha terraza no meu establecemento.

Data	Sinatura do/a solicitante ou representante
O Grove, de de 20	

SR./A. ALCALDE/SA DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

- (1) Deberá achegar unha fotocopia do documento de identidade de quen solicita/n.
- (2) No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do/a representante e do/a solicitante, coa autorización escrita deste/a ou unha copia do poder para representalo/a. Se quen solicita é unha sociedade, débese achegar a súa escritura de constitución.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación: 808QJ3P6GYJF5I



ANEXO III. MOBILIARIO

MOBILIARIO
INSTALACIÓN DE TERRAZAS NOS ESTABLECEMENTOS
DE HOSTALERÍA DO GROVE

Co obxecto de facilitar a adecuación de todos os establecementos a esta ordenanza establécense dúas opcións para o mobiliario e cada unha destas opcións terá distintas variables.

Preténdese con esta ordenanza unha adaptacións progresiva dando un amplo prazo para isto. Deste xeito acadarase unha considerable mellora na estética e ornamento das nosas rúas e prazas, o que redundará nunha harmonía apreciable pola veciñanza e polas persoas visitantes que se achegan ata O Grove.

O mobiliario para utilizar nas terrazas atenderá aos dous seguintes modelos (ver as fotografías deste anexo):

MODELO A

O material de mesas e cadeiras será a resina, seguindo os modelos deste anexo.

A gama de cores posibles son: granate, azul, verde e madeira.

As cadeiras deberán ser amoreables.

MODELO B

As cadeiras terán a estrutura de aluminio con asento e respaldo forrado en ratán.

Poden instalarse cadeiras simples ou ben cadeiras con brazos.

A cor poderá ser moca ou chocolate.

As mesas terán medidas semellantes ás que corresponden ao Modelo A e os materiais para utilizar poden combinar o aluminio, aceiro, taboleiro compacto ou madeira, tanto na estrutura coma nas tapas.

PARASOLES

A estrutura será en madeira ou imitación á madeira.

As medidas serán dun máximo de 300 cm de altura total.

A cor elixida é a crúa.

As bases de ancoraxe dos parasoles deberán ser suficientes para garantir a súa seguridade.

SOPORTES PARA CARTAS/MENÚS

Cabe a elección entre dous modelos:

- Soporte no ámbito da terraza, segundo o modelo da fotografía que se achega.
- Soporte apoiado na parede da fachada propia do establecemento ao que pertence a terraza (do mesmo deseño ca a anterior).



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

MODELO A
Mesa de resina (Grande)



MODELO A
Mesa de resina (pequena)



MODELO B1
Mesa de resina (pequena)



MODELO B2
Mesa de resina (Grande)



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

MODELO B
Cadeira de Brazos



- Estructura de aluminio
- Asiento y respaldo rattan
- Color moka
- Apilable

MODELO B
Cadeira



- Estructura de aluminio
- Asiento y respaldo rattan
- Color moka
- Apilable

MODELO B



- Cadeira
- Estructura aluminio
 - Rattan sintético
 - Color chocolate
 - Apilable



- Base con asa y ruedas
- Granito-Inox
- Peso: 40 Kg



- Base con asa y ruedas
- Granito-Inox
- Peso: 40 Kg



Parasol de Madeira ou imitación.

- Medida parasol 300 cm
- Color crudo



ANEXO IV. MOBILIARIO E XESTIÓN DAS RÚAS PEONÍS

1. Consideracións de rúas peonís. As rúas peonís do Concello do Grove, consideradas como tal pola correspondente modificación de tráfico marcada pola adecuada sinalización, teñen características específicas que requiren, tal e como indica o artigo 22 da presente ordenanza, establecer o mobiliario para empregar.

2. Normas xerais das rúas. Como norma xeral as rúas peonís da vila, agás a rúa Castelao, empregarán preferentemente o modelo B establecido no Anexo III. A situación das terrazas axustarase ao establecido nas normas recollidas nesta ordenanza e sempre segundo as consideracións da Policía Local no relativo a seguridade e garantías de paso de tránsito.

3. Normas específicas. No relativo á rúa Castelao, tanto no relativo á colocación das terrazas como ao mobiliario para utilizar nas terrazas, existen consideracións específicas:

3.1. Colocación das terrazas. As terrazas estableceranse a partir de 1,50 metros da fachada cara ao centro da rúa. No caso de coincidir terrazas que poidan ocupar a rúa de xeito adecuado, aplicarse o establecido na presente ordenanza. Nesta rúa o mobiliario e os demais elementos deberán ser retirados a diario.

3.2. Mobiliario. A rúa Castelao contará con mobiliario específico segundo as consideracións seguintes:

a) “Mamparas”. Non se permiten “mamparas” nin fixas nin móbiles, tan só se poderán colocar elementos de acoutamento móbiles (macetas ou semellantes).

b) Cadeiras e mesas. Cada establecemento elixira entre os dous modelos propostos e unha cor que deberá empregar de forma unitaria en todos os elementos da terraza (toldos, cadeiras, mesas, parasoles...).

MODELO A

- O material de mesas e cadeiras será de resina, segundo os modelos deste anexo.
- A gama de cores posibles é: negro, branco, vermello, laranxa, verde, azul ou amarelo, nas tonalidades recollidas nas imaxes.
- As cadeiras deberán ser amoreables.

MODELO B

- O material de mesas e cadeiras será de resina integramente, segundo os modelos recollidos na imaxe do anexo.
- A gama de cores posibles é: negro, branco, vermello, laranxa, verde, azul ou amarelo, nas tonalidades recollidas nas imaxes.
- As cadeiras deberán ser amoreables.



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

c) Parasoles

- A estrutura será de madeira ou de imitación a madeira.
- As medidas serán dun máximo de 300 cm de altura total.
- As cores posibles son: negro, branco, vermello, laranxa, verde, azul ou amarelo.
- As bases de ancoraxe dos parasoles deberán ser suficientes para garantir a súa seguridade.

d) Cartas e soportes de menú

- Cabe a elección entre dous modelos:
 - Soporte no ámbito da terraza, segundo o modelo da fotografía que se achega.
 - Soporte apoiado na parede da fachada propia do establecemento ao que pertence a terraza co deseño que considere o solicitante previamente comunicado ao Concello e sen que en ningún caso sobrepase os límites da fachada do establecemento.



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

MODELO A – ANEXO IV – RÚA CASTELAO



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:808QJ3P6GYJF5I



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

MODELO B - ANEXO IV – RÚA CASTELAO



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

MODELO A - ANEXO IV – RÚA CASTELAO



MODELO B - ANEXO IV – RÚA CASTELAO



Mércores, 23 de maio de 2018

Núm. 98

Contra o presente acordo as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar o día seguinte ao da publicación deste anuncio, consonte os artigos 30 e 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Grove, 11 de maio de 2018

O alcalde

José A. Cacabelos Rico

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

